


# AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



*Francisco Fernández del Riego*

*1913 / 2010*

17 de maio de 2023

Día das Letras Galegas

# Sumario

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| <b>SUMARIO</b>                | <b>03</b>    |
| <b>EDITORIAL</b>              | <b>4-5</b>   |
| <b>INFANTIL 3/4 ANOS</b>      | <b>6-9</b>   |
| <b>INFANTIL 5 ANOS</b>        | <b>10-13</b> |
| <b>1º DE PRIMARIA</b>         | <b>14-17</b> |
| <b>2º DE PRIMARIA</b>         | <b>18-19</b> |
| <b>3º DE PRIMARIA</b>         | <b>20-23</b> |
| <b>4º DE PRIMARIA</b>         | <b>24-26</b> |
| <b>5º/6º DE PRIMARIA</b>      | <b>27-31</b> |
| <b>DÍAS ESPECIAIS</b>         | <b>32-35</b> |
| <b>DÍA DAS LETRAS GALEGAS</b> | <b>36-38</b> |
| <b>FORMACIÓN</b>              | <b>39-40</b> |
| <b>ACTIVIDADES DA ANPA</b>    | <b>41-42</b> |
| <b>PREMIOS</b>                | <b>43-45</b> |
| <b>BIBLIOTECA</b>             | <b>46-51</b> |
| <b>FESTAS</b>                 | <b>52-55</b> |
| <b>EXCURSIÓN</b>              | <b>56-58</b> |

# Editorial

## TEMPO DE REFLEXIÓN

As vacacións son un bo momento para reflexionar. Despois dun período marcado pola incerteza e por cambios de última hora, aproveitemos estes meses de verán para reencontrarnos na nosa práctica docente dotándoa de sentido nestes tempos convulsos. O debate está aberto e este momento de cambio que vivimos abre a oportunidade para iniciar o camiño cara a unha nova educación.

E como todo cambio necesita unha profunda reflexión, a primeira pregunta que nos facemos é: **Para que educamos?**

Todos coincidimos en que o desenvolvemento do espírito crítico e da creatividade son fundamentais para axudar ao noso alumnado a enfrontarse aos problemas da vida e que a educación en valores é prioritaria.

A segunda pregunta ten unha formulación máis holística: **Que é educar?**

Un bo marco para reflexionar sobre esta pregunta é a declaración de Incheon para a Educación 2030, que baixo o título *Cara a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e unha aprendizaxe ao longo da vida para todos e todas* marcou unha nova visión da educación.

Podemos centrarnos nos catro obxectivos que marca a proposta como folla de ruta:

1- A pandemia puxo de manifesto que a educación equitativa é aínda un obxectivo por conseguir.

2- Unha educación de calidade supón cambios na formación inicial e permanente do

profesorado. Que destrezas debemos desenvolver os docentes? Unha escola que ensina e aprende é un proxecto compartido que integra o traballo en equipo do profesorado.

A educación non é responsabilidade única da escola. Edúcase na casa e na comunidade. Que papel lles outorgamos ás familias?

3- A inclusión real supón cambios drásticos no sistema educativo e non é unha realidade nestes momentos.

4- A aprendizaxe ao longo da vida supón desenvolver nos nosos alumnos competencias e habilidades para que cheguen a ser persoas responsables que busquen a súa plena realización e se comprometan na construción dunha sociedade máis xusta, solidaria e sostible.

Os cambios en educación son lentos, quizais demasiado lentos, pero os tempos convulsos que estamos a vivir poden ser unha grande oportunidade para iniciar cambios importantes que nos permitan avanzar cara aos obxectivos de 2030.

Gozade deste tempo de reflexión!

---

### LETRAS GALEGAS 2023

A Real Academia Galega dedícalle o **Día das Letras Galegas de 2023** a **Francisco Fernández del Riego**, intelectual, político e fundador da **EDITORIAL GALAXIA**. O pleno acordou homenaxear a Fernández del Riego, coincidindo coa celebración do 60 aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os 110 anos do seu nacemento.

---

© director  
*Rafa Rodríguez Martín*



# Graciñas Rafa!!



Ata sempre!!



# Infantil 3 e 4 anos

## FLOR DO TOXO (Antonio Noriega Varela)

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!

Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas  
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Entre espiñas que o ceio agasalla  
con diamantes as noites que orballa.

¡Oh do ermo preciado tesouro:

as froliñas dos toxos son d'ouro!

De ouro vello son, mai, as froliñas  
dos bravos toxales, ¡das devocións miñas!

FABIO



MATEO



DARÍO

ABEL



**IVÁN**

**SOFÍA GARCÍA**



**AZAHARA**

**PABLO**




**ÁNXELA**


**MINIA**







**ALEJANDRO**



**MELISSA**



**IZAN**







# Infantil 5 anos

A CLASSE DE 5 ANOS DECIDIMOS SAIR EN BUSCA DA PRIMAVERA.



ATOPÁMOLA NOS CAMPOS QUE RODEAN O NOSO COLE EN FORMA DE FLORES SILVESTRES (BOTÓNS DOURADOS, MARGARIDAS, DENTES DE LEÓN, CARDOS), ASÍ QUE DECIDIMOS ENCHER A NOSA AULA DE TANTA MARABILLA.

MIRADE O RESULTADO





# A PRIMAVERA AO FIN XA ESTABA DENTRO DA NOSA CLASE



QUERIAMOS QUE QUEDARA CON NÓS, ASÍ QUE PINTAMOS DE CORES ALEGRES UNS TARROS DE BARRO E TRANSPLANTAMOS UNHAS PLANTIÑAS PEQUERRECHIÑAS PARA QUE MEDRARAN.







MARABILLOSO, SÓ QUEDA COIDALAS.



## UNHA VISITA MOI ESPECIAL

CATRO INSECTOS PAU NO NOSO COLEXIO: UN DELES NA AULA DE 1º

VOL 1 Nº 1

XUÑO DE 2023

EDICIÓN ESPECIAL

O 6 de marzo foi un día moi importante para nós, pois chegou á aula de 1º unha mascota que conviviría connosco o resto do curso! Tratábase dun insecto pau ao que chamariamos "Mesi". O primeiro que fixemos foi unha recollida de ideas previas acerca destes artrópodos tan simpáticos ("Que sabemos?"). A continuación, tomamos nota doutras cuestións que darían comezo ao proceso de investigación ("Que queremos saber?").

### A CHEGADA DE "MESI"



Buscamos e recolleamos información en fondos da biblioteca e en páxinas web especializadas.



Con esta información, preparamos a súa casaña tendo en conta as súas necesidades.



Coidámolo ata o punto de levalo connosco de vacacións: non lle faltaron mimiños!



Fixemos actividades baseadas nel e relacionadas coas ciencias, as linguas, as artes, etc.





**ATENCIÓN, VÍDEOS!**



**FAI CLICK OU ESCANEA O CÓDIGO QR**



**CONSTRUCCIÓN  
DA CASIÑA  
DE MESI**



**VACACIÓNS  
DE SEMANA  
SANTA**



**OBSERVAMOS A "MESI" COMENDO  
E A "PELÍN" BEBENDO...**



**"MESI"  
GOZANDO DAS  
SILVAS**



**"PELÍN"  
BEBENDO  
AUGA FRESCA**



**AVERIGUAMOS QUE O INSECTO PAU, OU  
FÁSMIDO, COME FOLLAS DE SILVAS E BEBE  
DAS PINGAS DE AUGA QUE QUEDAN NELAS.**

**TAMÉN SABEMOS, ENTRE MOITAS OUTRAS  
COUSAS, QUE PRECISA UN AMBIENTE  
HÚMIDO, A TEMPERATURA ADECUADA E  
ESPAZO PARA TREPAP.**

# OBSERVANDO DE PRETO A NOSA CONTORNA

## FLORA E FAUNA DE CERCEDA

### Paxariños que veñen e van

Non son poucos os paxariños curiosos que cada día se achegan ás ventás da nosa aula. Sorte que temos sempre a man a "Guía definitiva das aves da Galiza", que nos serve para identificalos e aprender algo máis sobre eles, ademais de ser a excusa para amosar a nosa creatividade!



FERRERINO AZUL



PAPORRUBIO



### Implicación co medio ambiente e lección de responsabilidade

Cando sementamos ou plantamos estamos a construír co medio unha relación máis xusta, respectuosa e sostible. Este curso sementamos alfábega en cascas de ovo e plantamos amorodos no noso invernadoiro, e isto tradúcese en dar vida e recibir vida.



### Maio de flores cuberto

As flores que trouxo o mes de maio, e que Carolina e o alumnado de infantil achegaron á nosa aula, axudáronnos a coñecer os seus nomes, as distintas partes, un poema, moitos refráns...



### Mamíferos no Lago de Meirama

Xa cara o remate do curso, fixemos un intenso traballo de busca de información das principais características das 12 especies de mamíferos que se poden atopar na contorna do Lago de Meirama: morcego, raposo, xabaril, lebre, xeneta, ourizo cacho, porco teixo, coello, toupa, rato de campo, esquío e musaraña.





# CIENCIA CON CONSCIENCIA

## FORMULACIÓN DE HIPÓTESES EN EXPERIMENTOS

### 1 Frechas máxicas

Observaches algunha vez unha imaxe a través dun vaso mentres botabas auga nel?



2



### Peixiños

Que acontece se aplicamos xabón líquido na cola dun peixiño de cartolina e o metemos en auga?

3



### Estimación de unidades de medida: capacidade

Que recipiente contén máis líquido?

4



### Evaporación e condensación

E se botamos líquido nunha botella, pechámola e deixámola uns días preto dunha ventá?

5



### O vaso máxico


Que pensas que pasará se poñemos unha candeia acesa nun prato con auga e a tapamos cun vaso?





PADLET COS VÍDEOS DESTES E OUTROS EXPERIMENTOS





# Segundo de Primaria



Como son eu?









# Terceiro de Primaria

O  
M  
E  
U  
N  
O  
M  
E

## Clara

**Características**

- Tímida
- Considerada
- Transmite esperanza

**Día**  
11 de agosto

**Significado**  
A muller brillante

**Coñecidos e famosos**

- Clara Lago (Actriz)
- Clara Burel (Tenista)
- Clara Luciani (Cantante)

## Nicolás

**Significado**  
O que leva a Polsoa Victoria

**Características**

- Nalbe
- Bo carácter
- Compañero
- Amable

**Día**  
6 de decembro

**Coñecidos e famosos**

- Nico Williams (Futbolista)
- Nicolás Copernico

## Izan

**Características**

- Forte
- Permanente
- Constante
- Bo carácter
- Amigo
- Amable
- Seguro de si mesmo

**Día**  
7 de marzo

**Significado**

- Aquel que permanece firme.
- O que ten unha vida longa.

**Coñecidos e famosos**

- Izan Guzmán Benito (Piloto de motorismo español)
- Izan Llanas (Cantante y actor español)

## Katia

**Coñecidos e famosos**

- Katia Auzina (Corral de galinhas brasileira)
- Basilla y cocinista panamenista

**Características**

- Solitaria
- Independiente
- Perfeccionista
- Banalaxa
- Persuasiva

**Significado**  
Pura, casta

**Día**  
29 de Abril

## Arier

**Características**

Honesto, amable, nada egoísta, solidario

**Coñecidos e famosos**

- Arier Illarandi (Deportista)
- Arier Villalobos (Deportista)

**Significado**  
"El comienzo"

**Día**  
1 de novembro

## Edgar

**Significado**  
EL QUE DEFIENDE SUS TIERRAS CON LA ESPADA

**Características**

- INTELIXENTE
- AFECTIVO
- EMPREENDEDOR

**Día**  
8 DE XUÑO

**Coñecidos e famosos**

- EDGAR BADIA (FUTBOLISTA)
- EDGAR DEGAS (PINTOR)



# Antón

**Coñecidos e famosos**  
 Antón Gaudí (Arquitecto)  
 Antón Grieg (Músico)  
 Antón Machado (Poeta)  
 Antón Tajes (Artista, escritor)

**Significado**  
 Aquel que se opón  
 aos seus adversarios  
 > Quirralidade

**Día**  
 17 de setembro

**Características**  
 - Honesto  
 - Simples  
 - Traballador

# Noa

**Coñecidos e famosos**  
 Noa Jong (Futbolista)  
 Noa Roth (Futbolista)  
 Noa Yip (Futbolista)  
 Noa Nishitani (Futbolista)

**Características**  
 - Analítica  
 - Prudente  
 - Traballadora  
 - Creativa  
 - Metódica

**Significado**  
 De longa vida, lonxeira

**Día**  
 10 de novembro

# Valeria

**Características**  
 - Valente  
 - Inteligente  
 - Traballadora  
 - Disposta a facer cousas novas

**Día**  
 28 de abril

**Coñecidos e famosos**  
 Valeria Marini (Actriz)  
 Valeria Lynch (Actriz)

**Significado**  
 "Muller valente"  
 "A que loita con valentía"  
 "Muller sana e valerosa"

# Ezequiel

**Significado**  
 "Deus hane de dar a fortaleza"

**Día**  
 10 de abril

**Características**  
 - Bondadoso  
 - Humilde  
 - Inteligente  
 - Perceptivo

**Coñecidos e famosos**  
 Ezequiel Martínez Estrada (Escritor, poeta e crítico)  
 Ezequiel Lavezzi (Futbolista)

# Dimas

**Significado**  
 "Compañeiro"

**Día**  
 25 de marzo

**Características**  
 Divertido,  
 forte e amable

**Coñecidos e famosos**  
 Dimas Rodrigo Gimeno Alvarez (Empresario Español)  
 Dimas Santillán López (Académico)

# Sira


**Día**  
 23 de setembro e 29 de xuño

**Características**  
 - Curiosa  
 - Inquieta  
 - Extravertida

**Significado**  
 Sira é a habitante de Siria

**Coñecidos e famosos**  
 Sira Martínez (Xuga de fútbol)  
 Sira (Actriz Española)  
 Sira (Pedagoga do libro de María Durán)





## A NOSA ENCARGADA DA BIBLIOTECA ENTREVISTA A TERESA

**Teresa, co seu magnífico traballo na biblioteca, é capaz de transmitirnos o amor pola lectura. Así que quixemos coñecer os seus hábitos e gustos lectores .**



**Dimas:** Cal foi o primeiro libro que leches?

**Teresa:** O primeiro libro que lin foi " La casa de la pradera". Resulta que cando eu era pequena, na miña casa non había libros, porque meu papá casi non sabía ler. A miña mamá sabía ler, pero non había libros na casa. Entón unhas veciñas miñas, amigas, regaláronme polo meu cumpleanos un libro de "La casa de la pradera", que era unha serie que había na televisión. Cando mo regalaron foi como se me regalaran un millón de euros. E ese libro lino moitísimas veces e é moi querido por min.

**Édgar:** Cal é o teu libro favorito?

**Teresa:** Esa é unha pregunta moi difícil! Pois o meu libro favorito creo que é " Cen anos de soidade", que escribiu un señor de aló de América do Sur. Si, ese é o que máis me gusta de todos!

**Nico:** Cal foi o libro que menos che gustou?

**Teresea:** Pois non houbo nunca ningún libro que me gustarapouco. Porque ao mellor non me gustaba ao principio, pero despois dáballe outra oportunidade, volvía a lelo, ou deixábao unha temporada...e despois vovíao a coller e acabábame gustando.

**Noa:** Cal foi o último libro que leches?

**Teresa:** Pois...é que son un pouco mala para acordarme dos títulos, pero...un que era larguísimoo..." Cuando Einstein encontró a Kafka". É un libro como moi filosófico, moi interesante.

**Sira:** Gústache reler os libros?

**Teresa:** Si,si, claro.Moito, e sobre todo os que me gustaron moito.Pero ten que pasar unha temporada.Porque se o volvo a reler xusto cando acabei, aínda me acordo moito do que trataba.

**Clara:** Que xénero literario prefires?

**Teresa:** Neste momento estame gustando moito o histórico.Pero xa me gustou a novela romántica,xa me gustaron os libros de aventuras, a filosofía...Pero, eu creo que agora gústame máis a Historia.

**Valeria:** Onde che gusta ler?

**Teresa:** Cando vou para a cama.Ou senón, no verán cando vou á praia.Porque como non me gusta nada ir á praia...bueno, gústame ir porque vou de acompañante, pero despois abúrreme estar alí, e non me gusta nada bañarme porque a auga está moi fría. Entón vou dar un paseo pola area e despois leo. E...de noite leo, o que pasa é que agora teño un problema: quédome durmida! e leo tres páxinas e xa adormezo, entón un libro lévame moito tempo lelo. E houbo épocas en que ata fregando os cacharros lía. Tiña o libro alí ao lado e lía.

**Katia:** Gústanche os audiolibros?

**Teresa:** Non me gustan nada.Non escoito desas cousas. Eu quero tocar os libros, e o olor deles tamén me gusta.

**Asier:** Prefires ler ou que che lean?

**Teresa:** Prefiro ler. Ademáis cen por cento. Non me gusta nada que me lean! Mira que cousa máis curiosa! Leríalle a todo o mundo.Bueno, xa o sabedes, que sempre me dedico a lervos algo.





**Dimas:** Prefires mercar os libros ou ir á biblioteca a collelos prestados?

**Teresa:** Gústame compralos. Eso sí que é un defecto! Porque despois teño unha estantería pouco máis grande que esa de ahí e non me entran todos. E despois, que fago con eles? Pois cos que xa lin hai moitos anos, en épocas nas que me gustaba outro tipo de lectura, despois regáloos, e sempre os dono a unha ONG que se chama "Por que non?", que é dalá da Coruña, e unha das rapazas que a leva é veciña miña, que se chama Martina. E entón xusto cando teño moitos libros e teño que facer espacio para outros, pois dono eses.

En Cerceda temos unha biblioteca bastante boa, e por encima podemos levar o libro o tempo que nos dea a gana, pero, aínda así, como me leva tempo deles, non me gusta telos tanto tempo na casa. Por eso, para que outras persoas os poidan ler, prefiro mercalos.

**Ezequiel:** Formato dixital ou papel?

**Teresa:** Papel ao cen por cen.

**Izan:** Tomos únicos ou sagas?

**Teresa:** Pois non sabería que contestar. Porque mira, cando eu iba á escola tiña poucos libros, porque non se lía moito, non estaba de moda. Houbo épocas que sí, lía sagas, sobre todo novelas románticas, que me gustaron nunha época da adolescencia, pero despois non volví a ler máis sagas. Máis adiante, cando volví a ler cousas que tiñan varios tomos gustábame moito o primeiro ou o segundo, pero despois os outros xa non me iban gustando tanto, como que a trama xa non era tan interesante...eu creo que máis ben, algo único, si.

**Antón:** Acostumas a abandonar as lecturas antes de rematalas?

**Teresa:** Bueno, ao mellor unha cousa...pero non é abandonala. Ao mellor abandónoa no momento, pero despois ao que pasa un tempo vólvolle dar unha oportunidade e ao final acábame gustando eso que deixei sen ler.

**Sira:** Prefires ler o xornal ou unha revista?

**Teresa:** Dame igual. Tanto me entreteño co xornal como coa revista. As revistas gústanme, pero non o tipo de revistas coma o "Hola". Gústanme as de información, como a que ven coa prensa.

**Clara:** Usas marcapáxinas ou doblas as esquinas?

**Teresa:** Doblo as esquinas, e eso que teño unha moreísima de marcapáxinas. Porque ademais teño un defecto, porque se doblo as esquinas, para que quero marcapáxinas? Pero se vou a unha librería e hai marcapáxinas por alí collo unha morea deles, e despois téñoos gardados, non sei para que, pero...é unha colección!

**Nico:** Se existen as dúas versións, libro ou película?

**Teresa:** Libro, primeiro o libro. E despois vería a película. Aínda que agora hai moito tempo que non vexo películas, pero, o libro, sin ningunha dúbida.

**Nico:** Gústache traballar na biblioteca?

**Teresa:** Si, moito moitísimo. O que pasa é que o problema desta biblioteca é que é moi pequenina e non se poden facer cousas "guais". Podía estar mellor.

E...moito máis nos contou Teresa. Podiamos estar todo o día escoitándoa falar de cousas interesantes! Moitas grazas por atendernos e compartir con nós ese entusiasmo polos libros!





# Cuarto de Primaria

## PAPIROFLEXEANDO



Aos de cuarto encántanos os enredos. Así é que un día dounos por remexer no mundo da papiroflexia e facer unhas cantas figuríñas de papel. Cantas cousas hai en Internet! E todas superchulas! Nos fixemos un pouco de todo. Aquí tedes as nosas propostas...



**CAN**

Manuel Bermúdez



**RÁ**

Alex



**XOANIÑA**

Samuel



**BOLBORETA**

Aitana




**ABELLA**

Marta



**DRAGÓN**

Noa Costa



**CASA**

Lara



**SOBRE**

Daniela





**GOLFIÑO**

Nerea



**COELLO**

Manuel Regueiro



**FLORES**

Dayan



**PORQUIÑO**

Tiago



**BARCO**

Leo



**ESTRELA**

Alicia

**FLOREIRO**

Noa González



**TARTARUGA**

Sergio



**PAXARO**

Miguel







Despois, como nos somos moito de inventar e contar contos, dounos por elixir 7 figuriñas de papel das 17 que fixemos e facer un conto con elas.  
A ver que vos parece Rapac@s!!!

- ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ Escollemos: ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ A RÁ Manola ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ O COELLO Ramón ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ O BARCO Ferri ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ O DRAGÓN Mexilón ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ A CASA de Ramón ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ A XOANIÑA Pili ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆ A ESTRELA Compostela ☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆  
☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆☆



## A VODA DE RAMÓN

Había unha vez un coello chamado Ramón que era moi traballador, lambón e intelixente. Vivía nunha casa grande.

Un día tranquilo, deu cunha fermosa rá que se chamaba Manola, e Ramón namorou dela. Manola tamén namorou del e decidiron casar no Lago das Enerobas. Ramón e Manola mandaron invitacións a todos os amigos e coñecidos, pero o dragón Mexilón non puido recibir a súa. Cando Mexilón se enterou da celebración anoxouse todo e decidiu arruinar a festa. Unha semana despois celebrouse a festa e Mexilón chegou de último adrede, retrasándose desta maneira o comezo da voda.

Un tempo despois chegou o dragón todo contento co gallo de arruinarllela voda e preguntáronlle porque tardou tanto. Mexilón díxolles que ninguén o invitara á voda. Ramón e Manola díxéronlle que si o invitaran e Mexilón pediulles perdón por intentar estragar a súa voda. Mais tarde, a estrela Compostela, que era o cura, díxolle a Ramón que xa podía bicar á noiva. Bicáronse e marcharon no barco Ferri á casa de Ramón para non mollarse. Ali celebraron a festa, e os noivos mais a xoaniña Pili, que era a dama de honor, beberon e beberon ata emborracharse.


VIVAN OS NOIVOS!!!




# Quinto e Sexto de Primaria



Quem é quem?





















# Días Especiais

## DÍA DA PAZ



# olidari@






23 DE  
FEBREIRO  
DÍA DE  
ROSALÍA  
DE CASTRO

Que a man fembrosa no papel só escriba  
palabras, e palabras e palabras!



# DÍA DE ROSALÍA

#cumpriuseaxustiza  
#\_rdc\_2023





# semana da prensa



DÍA  
DO  
AMOR  
E A  
AMI  
ZAD  
E



# dia da non violencia




# dia da muller



# Día da Letras Galegas

Aquí tedes o cartafol de lapelas que fixemos todo o colexio polo día das **LETRAS GALEGAS**











  
**KEEP  
 CALM  
 E  
 FALA  
 GALEGO**

# Formación

## PLAN DIRECTOR







# SAÍDAS FORMATIVAS



## CIFP SOMESO



## PREZERO

## PISCIFACTORÍA



# Actividades da ANPA

## ACTIVIDADES PATROCINADAS POLA ANPA



TEATRO





## CONTACONTOS



## CURSO PRIMEIROS AUXILIOS



## PRANTAS E SEMENTES

## CAMPAMENTOS/EXCURSIÓN FIN DE CURSO



# Premios

## PREMIOS/AGASALLOS



TALLER  
PENSA  
CON MR. LUPO



IV concurso de  
marcapáxinas



# PREMIOS / AGASALLOS



concurso fotografía  
outono en Cerceda



AXUDANTES DA BILIOTECA



# PREMIOS / AGASALLOS



eco patrulla



CONCURSO DE BUXO, VÍDEO, ESCRITURA CREATIVA



# Biblioteca

## Visitas na Biblosilva



Asociación de  
persoas con  
discapacidade  
de  
Val de Dubra



*bichos*



# Manuel Ruibal



# Belén Montes




**CERCEDA**  
**El alcalde, invitado al proyecto Biblioteca humana del CEIP de A Silva**  
 El alcalde de Cereda, Juan Manuel Rodríguez, participó en la mañana de ayer en el proyecto Biblioteca Humana del CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro de A Silva, con motivo de la reciente celebración del Día de la Constitución. Al acto acudieron los alumnos de tercero y cuarto de educación primaria, quienes abordaron cuestiones variopintas sobre la Constitución y el trabajo que Juan Manuel Rodríguez realiza al frente de la alcaldía.

El regidor departió con alumnos de tercero y cuarto de primaria.

# Juan Manuel Rodríguez



# Lecturas apadrinadas






# FACENDO BIBLIOTECA






# CONCURSO DE BUXO, VÍDEO, ESCRITURA CREATIVA

## COÑECENDO CERCEDA

Sira  RECREO

O recreo debería volver a ter a zona de: fútbol, a de baloncesto, a de brile, e a de xogo libre.  
Porque o están ocupando todo para o fútbol. Eso tiña que cambiar, porque se eu non quero xogar o fútbol non teño espacia para xogar a outra cousa. Así é como está o patio: agora:

|   |   |
|---|---|
| na zona de xogo libre<br>xogan a:<br>fútbol   | na zona de brile xogan a:<br>fútbol         |
|  | na zona de baloncesto<br>xogan a:<br>fútbol |
| na zona de fútbol<br>xogan a:<br>fútbol   |   |

SIRA - 3º PRIMARIA



# CONCURSO DE BUXO, VÍDEO, ESCRITURA CREATIVA

## COÑECENDO CERCEDA

### A SINALIZACIÓN DO COLE


Eu non son do concello de Cerceda, pero estudio na Silva, que pertence a Parroquia de Redís.

O que non me gusta é o cambio que fixeron na sinalización do cole.

Pola maná cando maná nos leva o cole, moitos días hai atasco co bus e co resto dos coches. Antes estes non pasaba porque podíamos entrar pola parte de atrás, e saír por onde o tanatorio. Pero agora non se pode porque colocaron unha sinal de prohibido o paso. Eu creo que deberían quitala e deixar

a sinalización como estaba antes.

coche  
bus



E  
Z  
E  
Q  
U  
I  
E  
L

3º  
PRIMARIA





# Festas

## FESTA DO OUTONO





# FESTA DE NATAL





# ENTROIDO







# ENTROIDO






# Excursión

## COÑECENDO

## CERCEDA









### A revolta c...

**Encrobas**


...oma, marxista, por un...  
...nte ordenado...  
...das figuras clave...  
...s durante aqueles...

...do das xentes de...  
...nha sociedade mais...  
...cara à democracia.

A expropriação das terras que existia a agricultura e exploração das minas...  
...proteção d'onde o governo momentaneamente a terra expropriada...  
...proprietários católicos como "a revolta das Encrobas". Ademais, os...  
...perdeu o seu património familiar, considerável, que a propriedade...  
...empresa agrícola por ele criada, mas que acabou de ser vendida...

Em 1974 o Conselho de Ministros, presidido por Francisco Franco...  
...declarou estas terras "terra pertencente de expropriação estatal".  
...agrícolas e a sua expropriação forçada para ser arrendada. Este grupo...  
...Ligados de Mineração, a direcção dos proprietários das minas e a...  
...condições uma alforria, e os velhos donos das minas...  
...casas particulares. Toda a alforria, os velhos donos das minas...  
...obras para estar que as antigas expropriações de empresas pudessem um...  
...velhos os seus terrenos, não respondia a uma lista de prioridades da tempo...  
...expropriado as terras expropriadas sem prazo.












**Equipo  
de Dinamización  
da Lingua Galega**

*Equipo  
de Dinamización  
da Lingua Galega*

**LETRAS GALEGAS**